



NORMATIVA XERAL COMPETICIÓN AUTONÓMICA X. A. F.



NORMAS XERAIS

1.- Participantes.

Poderán tomar parte todos os clubs, escolas, asociacións e entidades deportivas legalmente constituídas sen limitación en canto ó número de ximnastas participantes.

Os clubs e entidades deportivas participantes teñen que estar adscritos á Federación Galega de Ximnasia.

2.- Licenzas e acreditacións.

2.a) Tódalas ximnastas participantes estarán en posesión da licenza pola FGX.

2.b) Os/as adestradores/as inscritos/as polas entidades estarán en posesión da licenza expedida por la FGX.

2.c) Os/as xuíces/as para actuar como tal nas competicións haberán de estar en posesión da licenza expedida pola FGX e acreditar ter superado calquera dos niveis dos cursos de Xuíces de XAF.

3.- Modalidades e probas.

3.a) Os exercicios serán os establecidos pola FGX:

Nos niveis autonómicos as ximnastas poderán inscribirse nos 4 aparellos ou en menos.

3.b) En todos os niveis programas técnicos autonómicos a música do exercicio de solo é libre.

Todas as categorías e niveis utilizarán o espazo reglamentario (FIG) 12x12 metros.

4.- Niveis, idades e participación

PROGRAMA TÉCNICO BASE AUTONÓMICO:

BASE 1: HASTA 8 (2016 - 2018)
BASE 2: HASTA 9 (2015 - 2018)
BASE 3: HASTA 11 (2013 - 2018)
BASE 3 MAIORES: + 11 ANOS (2012 e anteriores)
BASE 4: HASTA 12 (2012 - 2018)
BASE 4 MAIORES: + 12 ANOS (2011 e anteriores)
BASE 5: HASTA 12 ANOS (2012 - 2018)
BASE 6: 13 e 14 ANOS (2010 - 2011)
BASE 6 MAIORES: 15 ANOS e MAIS 15 ANOS (2009 e anteriores)
BASE 7: HASTA 12 ANOS (2012 - 2018)
BASE 8: 13 e 14 ANOS (2010 - 2011)
BASE 9: 14 ANOS e MAIS 14 ANOS (2010 e anteriores)
BASE 10: 15 ANOS e MAIS 15 ANOS (2009 e anteriores)

No caso de que participen menos de 3 ximnastas nunha categoría poderán xuntarse, sempre e cando, coincida o mesmo programa técnico e grupo de idade.

PROGRAMA TÉCNICO VIA OLÍMPICA (Según P.T.N. Vía Olímpica da RFEG)

Durante o mesmo ano unha ximnasta non poderá cambiar da categoría de forma descendente.

Durante o mesmo ano, unha ximnasta non poderá cambiar de programa técnico. Dunha tempada á outra permitirase o cambio sempre e cando o clube da ximnasta o solicite mediante unha carta á FGX e sexa aprobado polo Comité Técnico de XAF da FGX.

⇒ Permítese a participación de ximnastas do resto de modalidades que competiran ou compitan en campionatos autonómicos ou de España doutra modalidade na categoría BASE AUTONÓMICO.

⇒ En tódolos casos nos que un clube queira baixar de nivel (de Niveis Vía Olímpica a Base) a unha ximnasta porque non chega as esixencias da categoría que lle correspondería esa tempada deportiva ten que solicitalo por escrito a Federación Galega de Ximnasia.

5.- Composición dos Equipos

CAMPIONATO AUTONÓMICO BASE.

Para obter o título de Campión de Clubes do Torneo de Base das 8 categorías, tomarase en consideración a nota final, suma dos 4 aparatos, das mellores ximnastas mellor clasificadas de cada club, sumando as 5 mellores para dar a clasificación (sumarase a nota final da mellor clasificada de cada Club dos niveis Base do 1 o 8, unha por categoría, collendo para a nota Final do Equipo as 5 mellores).

Por todo o anterior, para optar a clasificación por clubes do Campionato Galego de Base o club debe participar con 1 ximnasta polo menos en 5 das categorías das 8 establecidas.

Nas categorías Base 3, 4 e 5 non se diferenciará entre maiores e pequenas.

CAMPIONATO AUTONÓMICO EQUIPOS VIA OLÍMPICA.

Para obter o título de Campión de Club Vía Olímpica das 10 categorías, tomarase en consideración a nota final, suma dos 4 aparellos, das ximnastas mellor clasificadas de cada club, sumando as 3 mellores para dar a clasificación (sumarase a nota final da mellor clasificada de cada Club dos niveis Vía Olímpica, unha por categoría, collendo para a nota Final do Equipo as 3 mellores).

6.- Clasificación e premios

A clasificación das ximnastas será individual, xeral, por aparellos e por equipos.

Otórganse premios ás 3 mellores ximnastas (xerais e por aparellos).

Otórganse premios ós 3 mellores equipos.

7.- Material

As ximnastas participantes e os adestradores comprométese a utilizar o material que a organización poña á súa disposición para a competición, sen alterar a orde de colocación á sala.

8.- Reglamentación

Será de aplicación aquilo que figura na descrición técnica dos niveis das normas específicas de cada modalidade, o código de puntuación 2022-2024 e o reglamento técnico da FIG.

9.- Xurado

Os exercicios serán puntuados por un xurado designado pola Federación Galega de Ximnasia.

O xurado traerá a vestimenta e calzado apropiado dacordo coas normas da FIG.

11.- Obrigacións dos adestradores/as e ximnastas.

Os adestradores/as teñen que contribuír ó rápido e disciplinado desenvolvemento da competición. Ademais son responsable tamén do comportamento en cada aparello, nos cambios ordenados e rápidos entre os mesmos, a preparación da saída da competición e as cerimonia protocolarias para as gañadoras. Durante os exercicio, os adestradores/as e os membros dos equipos non teñen dereito a falar coa gimnasta, nin coas xuízas. Os/as adestradores/as indisciplinados que non respecten as normas, poden ser sancionados polos responsables da competición e excluídos da mesma. (Ver código FIG) Para estar á pista, haberán de traer vestimenta deportiva. Non se admitirá a presenza de ningún adestrador/a pista, que non cumpra estas condicións. Os/as responsables de cada entidade, faranse cargo das súas ximnastas antes e logo da súa participación. A organización poñerá unha zona reservada nun lugar determinado da instalación para que todas as ximnastas participantes estean agrupadas.

12.- Inscripcións.

12.a) As inscricións para cada competición se efectuarán a través do sistema establecido pola Federación Galega de Ximnasia.

Haberán de ter entrada, como máximo:

CAMPIONATO AUTONOMICO BASE E VÍA OLÍMPICA: *ver calendario competicións 2024*

TODA INSCRIPCIÓN FÓRA DE PRAZO SERÁ DESESTIMADA.

12.b) No caso de producirse baixas na participación á competición, tense que entregar ma mesa da organización o impreso correspondente ás baixas, (publicado na páxina web da FGX) correctamente enchido e asinado polo responsable, como mínimo unha hora antes do inicio da competición.

13.- Erratas e cambios

Comunicar por escrito á Secretaría da FGX os erros detectados (nomes, apelidos, clasificacións, etc.).

14.- Descalificación.

O non cumprimento destas normas poderá ser caso de descalificación da ximnasta ou equipo da entidade que corresponda.